



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa resolución do 20 de setembro de 2021 (DOG do 29 de setembro de 2021), da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria, a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a 3 pais/nais, dun total de 5 que debe ter o Consello Escolar.
- 2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no centro e incluídos no censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 11 de novembro.
- 3.- Son elixibles pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do centro. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14:00 horas do citado día 11 de novembro.
- 4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos/as, o día 15 de novembro, ás 12:10 horas. Dita mesa electoral estará composta polo/a Director/a do Centro, que actuará como Presidente/ a, e catro pais/nais ou titores/as legais, actuando de secretario/a o de menor idade.
- 5.- A campaña electoral comprenderá dende o 11 ao 20 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do ceip. O día 21 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP PLURILINGÜE RECIMIL

Vvdas. Protexidas s/n

15403 Ferrol

A Coruña

Tfno.: 881 930 312

CIF: Q6555323B

ceip.recimil@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiprecimil>

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores/as.

7.- As votacións realizaranse neste ceip o día 22 de novembro, de 16:30 a 18:30 horas. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 16:20 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de 3 nomes dos candidatos presentados. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

9.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío á Xunta Electoral do centro.

10.- A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Ferrol, 25 de outubro de 2021

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Genoveva Valeiro Solsona